

2º de Primaria. Inglés

Semana 30/03/2020-03/04/2020

Celebración: PASCUA (EASTER)

### NOTA DIDÁCTICA PARA A FAMILIA

Nesta proposta o adulto (ou irmán maior) exerce de guía para axudarlles a ler as instrucións. Un nivel básico de Inglés sería preciso para guiar a lección.

Esta proposta didáctica é flexible; ten unha duración de 100 minutos aproximadamente, e polo tanto poden personalizala ao seu gusto, impartíndoa en varias sesións ao longo da semana, nunha soa...Ademais, engádense unhas actividades extra, por se queren seguir traballando na semana de vacacións da Semana Santa.

Polas características propias dos nenos en 2º, trátanse sobre todo de actividades de recepción e expresión oral, e de resposta física. Tamén haberá un achegamento á parte escrita da lingua, coa recepción e produción oral de vocabulario moi sinxelo do "Easter".

Aconsellamos o emprego de tablet ou ordeador, pero tamén se poden visualizar os contidos a través do móbil.

Ofreceranse fichas coa opción de imprimir ou colorear online.

### LECCIÓN : HAPPY EASTER!

Repasaremos o vocabulario específico sobre esta celebración e outro vocabulario mais básico (cores, números, partes do corpo...)

#### **1. LET'S START! Daily routines**

-**Saúdo.** Comezamos saudando ao alumno/a. "Hello, How are you? Fine? Fantastic!..."

Agora o alumno pode cantar a canción nº 2 de benvinda xesticulando, tal e como faciamos na clase. "Hello, hello, how are you? I' m fine, I'm fine, I hope that you are too!"

-**Rutina do tempo. Canción das estacións: Seasons of the year**

Sinalando a xanela.

" What's the weather like, today?" (Que mire pola xanela)

**"It's sunny/cloudy/raining/cold/hot" (pode facer xestos)**

"Which season are we in? " "Spring! And Easter is coming!"

<https://youtu.be/8ZjpI6fgYSY>

## 2. EASTER VOCABULARY. LISTEN AND REPEAT

Comezamos repasando vocabulario básico do "Easter" con unha presentación do mesmo en youtube. O alumnado ten que escoitar atentamente e repetir as palabras.

Agora, escoitan esta canción e intentan adiviñar a palabra. "What is it? " "It's an egg! "

<https://youtu.be/dI5bj8iMTz83>

## 3. REPEAT AFTER ME SONG: BOOM CHICKA BOOM

Hora de bailar ó ritmo dunha canción xa vista na clase de inglés e que gozou de moito éxito entre o alumnado.

De pé, cumplen as ordes de baile mentres cantan.

<https://youtu.be/JkW5t1UsDw03>

## 4. SIMON SAYS. Xogo de resposta física

Terán que imitar as accións da canción anterior : hop (salta), flop your ears (dobra as orellas), shake your tail (move a cola), wiggle your nose (move o nariz)...

Ademais, tamén dicir "Touch your... " para repasar as partes do corpo. (head, tummy, arms, legs...)

O adulto da a orde: "Simon says..hop!"... "Ok, Very good, well done!" "Opps, try it again"

## 5. STORY TIME. "THE PATCH AND ROBBIE SHOW IN EASTER"

<https://youtu.be/novZeJCNDTQ>

- Visualización do video

## 6. MIMING. Representación do video.Producción oral

Nunha segunda visualización, o alumnado pode facer uso da mímica e repetición oral tratando de imitar xestos e diálogos nas diferentes partes, así como cantar e bailar.

## 7. COLOURING WORKSHEET. Ficha para colorear

Tres opcións:

## 1. Ficha para imprimir

Engadimos unha ligazón para descargar a ficha:

<http://www.supercoloring.com/coloring-pages/happy-easter-doodle>

## 2. Ficha de colorear online

<http://www.supercoloring.com/coloring-pages/happy-easter-doodle>

## 3. Debuxar un ovo en folio

-Ten que debuxar unha silueta dun "Easter egg" nun folio branco (mellor que sexa grande para apreciar mellor as partes) Despois, que debuxe as partes decorativas do ovo ao seu gusto e que coloree. Intentar que diga as cores en inglés. "Look, it's an egg" " It's green, red, blue...", "It's big, small"...

\*Opción de recortalo con tesoiras, coa supervisión dun adulto.

## 8. DO IT YOURSELF (DIY) Manualidades: Tarxeta de Pascua, "Easter bunny" (coelliño) feito con plastilina calcetín ou rolo de papel de water

### -Easter card. Tarxeta de Pascua

<https://youtu.be/zsE81TzsQg8>Opción

Seguir as instrucións do video.

Cando remate, que escriba dentro no lado esquerdo "To my..." (Para o meu/a miña...)

Terá que elixir un membro da familia: mummy, daddy, brother, sister, granny, grandad, uncle, auntie, cousin

No lado dereito hai que poñer: HAPPY EASTER!

É un agasallo para entregar ao membro elixido. Cando a entregue terá que lle dicir "HAPPY EASTER, sister!" (por exemplo)

### -Easter bunny

Coa axuda dun adulto, crear un "Easter bunny" (coello) cun calcetín...

<https://youtu.be/2SaN3IHUbQA10>

...con plastilina...

<https://youtu.be/3YvFFM5ohrk>

... ou con rolo de papel de water

<https://youtu.be/UzzDk9l4uqA>

## 9. WASH YOUR HANDS! Educación para a saúde

Visualización da canción 'Wash your hands'. Ten que lavar as mans tras rematar a manualidade.

<https://youtu.be/evXG5HuwIn0>

**OK, TIME TO FINISH. GOODBYE!**

\* \* \* \* \*

**EASTER ACTIVITIES (Actividades de vacacións)**

**HERE YOU ARE SOME IDEAS FOR YOUR HOLIDAYS. DIFFERENT TUTORIAL VIDEOS & WEBPAGES WHERE YOU CAN KEEP LEARNING AND HAVING FUN! ENJOY!**

**\* EASTER HOLIDAYS EXTRA ACTIVITY: EASTER EGG HUNT. Búsqueda dos ovos**

Suxerimos a preparación dunha búsqueda de ovos de chocolate pola casa ou xardín na semana de vacacións. Tamén se poderían agochar ovos normais ou de plastilina e darlles "un premio" se os atopan. Deixamos un pequeno video dunha EASTER EGG HUNT, por se quixeran visualizalo co alumnado.

[https://youtu.be/x7s42ynk\\_6w](https://youtu.be/x7s42ynk_6w)

No caso de ter un xardín ou horta, tamén se podería xogar a "**Egg and spoon race**" (Carreira co ovo na culler)

**\*EASTER HOLIDAYS: EXTRA ACTIVITY. Xogos online sobre a Pascua.**

<https://m.primarygames.com/category/holidays/easter/>

<https://www.gamesgames.com/games/easter>

<https://www.anglomaniacy.pl/easter-games.htm#dictionary>

<https://www.anglomaniacy.pl/easterMatching.htm>

**HAPPY EASTER, CHILDREN!**

**TEACHER PATRI 😊**